



RESOLUCIÓN DE 17 DE XULLO DE 2024 DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE DECLARAN CON CARÁCTER DEFINITIVO OS ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS E BAREMACIÓN PROVISIONAL NO PROCEDIMENTO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DE 16 DE XANEIRO DE 2024 NO ÁMBITO DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO A CORUÑA.

Mediante a Resolución da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee de data 16 de xaneiro de 2024 (DOG n.º 23 do 1 de febreiro) convocouse procedemento de mobilidade interna voluntaria para o persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario de grao, sanitario de formación profesional e persoal de xestión e servizos do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.

Con data 28 de maio de 2024 publicouse a resolución provisional de persoas admitidas e excluídas. Unha vez rematado o prazo de reclamacións establecido na convocatoria, esta Xerencia de Área Sanitaria,

RESOLVE:

Primeiro: Declarar, con **carácter definitivo**, **os/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as** ao devandito procedemento de mobilidade voluntaria interna.

Segundo: Publicar a listaxe provisional de baremación, que tamén será visible no Fides/Expedient-e, no apartado de Procesos-Mobilidade voluntaria interna, de cada aspirante.

Terceiro: Darlle publicidade tanto a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as como a listaxe provisional de baremación, a través do taboleiro de anuncios do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña (Hospital de A Coruña, Xubias de Arriba 84) / páxina web do ESPAZO DO PROFESIONAL.

Cuarto: Abrir un prazo para presentar reclamacións contra a resolución provisional de baremación, dende o día seguinte á publicación desta resolución e ata o 8 de agosto de 2024, ambos os días incluídos.

Asinado dixitalmente na Coruña,
Luis Verde Remeseiro
Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee

DILIXENCIA,

Para facer constar que coa data da súa sinatura dixital procédese á publicación da presente Resolución.

Asinado dixitalmente na Coruña,
Javier Fernández Nistal